

REGULAMENTO

San Silvestre de Betanceira 2025

O Clube Atletismo Betanzos coa coorganización do Concello de Betanzos e a colaboración de Acebe, Protección Civil de Betanzos, Club Ciclista Betanzos e As Vellas Non Paramos organizan o mércores 31 de Decembro do 2025 a **SAN SILVESTRE DE BETANCEIRA 2025.**

A continuación detallamos o regulamento da proba:

REGULAMENTO:

1- A saída e chegada das probas serán na Praza da Constitución.

2- O percorrido será completamente urbano con bo firme.

3- A competición non será cronometrada, segundo o espírito non competitivo e festivo da proba

Todos/as atletas deberán levar nun lugar ben visible o dorsal que lle proporcionará a organización.

4- Contaremos con avituallamento na meta.

5- Os/as participantes deberán recoller o dorsal para poder participar na proba. Este será entregado o día da proba no lugar de Saída/Meta dende ás 13:00h da mañá ata 15:00h da tarde. * Para recoller o dorsal doutro participante será posible acudir coa fotocopia ou foto de tlf do DNI deste.

6- A inscrición na proba farase a través da web championchipnorte.com antes do día 28 de Decembro e presencial nas oficinas de ACCEBE do 1/11/2025 a 13/12/2025 no horario de 10:00h a 14:00h, requisito imprescindible para participar na proba sexa cal sexa a categoría.

Datas de inscrición e prezos en cada disciplina:

- Infantís(sub6,sub10,sub14,sub16): 2€ do (24/10 ó 28/12).

- Adultos: 6€ do (24/10 ó 28/12.)

- Sub18: 6€ do (24/10 ó 28/12)

- Andaina: 5€ do (24/10 ó 28/12)

- Inscricion en ACEBE do 1/11/2025 a 13/12/2025

*(1€ de cada inscrición será donado para Cruz Roja Betanzos)

7- Distancias e horarios: (As distancias son aproximadas)

PEQUES 2008-2015: 100 metros, saída as 16:35h (Poden ir acompañados dun adulto)

SUB10 (2016-2017): 500m saída as 16:40 H.

SUB12 (2014-2015): 500m saída as 16:40 H.

SUB14(2012-2013): 900m, saída as 16:40 H.

SUB16 (2010-2011): 900m saída as 16:40 H.

ABSOLUTA/sub18(2008-2009): 5km saída as 17:00H

ANDAINA: 17:10 H

- Teremos un masimo de 600 plazas para a carreira e andaina.

9- Premios e trofeos:

- O pódium estará ubicado na Praza da Constitución.
- As categorías PEQUES, SUB10, SUB12, SUB14, SUB16, SUB18 e Absoluta non terán clasificación final segundo o espírito non competitivo e festivo da proba. Agasallo para todos e todas os/as atletas nas categorías infantís na chegada dos/as participantes a meta.

-TROFEO para os 3 primeiros clasificados na categoría

absoluta/sub18 masculina e feminina. -TROFEO para o mellor disfraz individual e colectivo. **(A categoría sub18 conta como absoluta)

10-O tempo máximo para completar a proba de 5k é de 50 minutos. Unha vez transcorrido este tempo dende que tivo lugar a saída, procederase a retirarlle o dorsal a aqueles atletas que aínda poidan estar correndo a proba e continuaran pola súa conta sen ter a garantida a atención por parte da organización.

11-As reclamacións faránse ao director da proba non máis tarde de 20 minutos finalizada a 7 San Silvestre Betanceira.

12-A proba conta cos servizos médicos reglamentarios.

13-Duchas: non teremos duchas

14- Calquer corredor que teña un comportamento que vaia en contra do espírito da deportividade, presente malos modos con outros participantes, voluntarios, membros da organización ou público en xeral pode ser descualificado inmediatamente.

15-Cada corredor acepta as normas da proba polo mero feito de inscribirse e tamén participa baixo a súa enteira responsabilidade, afirma ter un nivel de condición física suficiente para afrontar a proba e que pasou os pertinentes recoñecementos de saúde. A organización e empresas colaboradoras non se fan responsables de calquera lesión ou padecemento por imprudencia, neglixencia ou falla de forma física do participante. O participante exime de toda responsabilidade a organización que puidera derivar da súa participación no evento (pérdida de obxectos persoais, roubo, lesión, atropelos, agresións...)

16-No referente á Lei Órgánica de Protección de Datos: Tódolos corredores inscritos no evento aceptan a publicación do seu nome e posibles imaxes nas clasificacións, medios de comunicación e internet, páxina web do evento, de empresas colaboradoras, foros deportivos, etc...

17- A organización reserva o dereito de modificar este regulamento se considera que as circunstancias excepcionais da proba o esixen